



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN NATURAL ARDAI TERAPIA OCIO E FORMACIÓN, PARA A EXECUCIÓN DA MEDIDA XUDICIAL DE PRESTACIÓNS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE E DAS REPARACIÓNS INDIRECTAS, EN VIRTUDE DA LEI ORGÁNICA 5/2000, DO 12 DE XANEIRO, REGULADORA DA RESPONSABILIDADE PENAL DOS MENORES (LORPM).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social declara:

Que a consellería de Política Social ten previsto formalizar coa ASOCIACIÓN NATURAL ARDAI TERAPIA OCIO E FORMACIÓN, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Política Social e esa asociación para levar a cabo a execución da medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade imposta polos/as xuíces de menores, en virtude do artigo 7.1.k) da LORPM, así como as actividades en beneficio da comunidade exercitadas na reparación do dano acordadas en virtude do artigo 19 da LORPM na provincia de Ourense.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Primeiro.-Que o artigo 45 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (LORPM) establece que a execución das medidas adoptadas polos xuíces de menores nas súas sentenzas é competencia das Comunidades Autónomas que poderán establecer os convenios ou acordos de colaboración necesarios con outras entidades, ben sexan públicas ou privadas sen ánimo de lucro, para a execución das medidas da súa competencia, baixo a súa directa supervisión , sen que elo supoña en ningún caso , a cesión da titulariedade e responsabilidade derivada da dita execución.

Segundo.-Que lle corresponde á Consellería de Política Social, través de la Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, de acordo co establecido no artigo 13 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a execución das medidas ditadas polos





xulgados de menores nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (LORPM).

Terceiro.-Que dentro do catálogo de medidas xudiciais que establece a LORPM no seu artigo 7 está a de prestacións en beneficio da comunidade. Dita medida, que non poderá impoñerse sen o consentimento da persoa menor, consiste en realizar unha actividade non retribuída de interese social durante un número de sesións previamente fixado, ben sexa en beneficio da colectividade no seu conxunto, ou de persoas que se encontraren nunha situación de precariedade por calquera motivo. Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 19.2 da L.O 5/2000, se entenderá como reparación adoptada no procedemento de mediación, o compromiso asumido pola persoa menor coa vítima ou prexudicado de realizar determinadas accións en beneficio de aqueles ou da comunidade, seguido da súa realización efectiva.

Cuarto.-Que o obxecto da medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade é responsabilizar ao menor ou mozo infractor respecto do feito punible, e en certa medida, a reparación da comunidade polo dano sufrido e a reparación simbólica do dano ocasionado. Así mesmo, coa reparación extraxudicial se pretende confrontar e responsabilizar ao/á menor da súa propia conduta e a compensación da vítima a través da reparación indirecta, evitar o procedemento xudicial e unha resposta deste mediante unha intervención educativa en interese do/a menor e compensadora da vítima, favorecer a comprensión por parte da vítima das circunstancias e motivos do/a menor e coñecer, por parte deste/a as consecuencias prexudiciais causadas ás vítimas así como potenciar actitudes prosociais do/a menor cara á comunidade e unha implicación de esta na resolución dos seus conflitos.

Quinto.-Que dado que a Administración non conta cos recursos e instalacións necesarias para levar a cabo a execución das prestacións en beneficio da comunidade así como actividades de reparación extraxudicial, co fin de garantir a correcta execución desta medida, considérase necesario asinar un convenio de colaboración con entidades privadas que colaboren na execución da medida, ofrecendo as instalacións, servizos e material necesario para a realización das mesmas.

Sexto.-Que a asociación Arдай Educación e Terapia é unha entidade sen ánimo de lucro que figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número E-6209, e ten entre outros os seguintes fins:





a) Fins educativos, educando para o coñecemento, benestar e coidado dos animais en xeral e dos animais domésticos para compañía, terapia e ocio en particular, achegando a todos os cidadáns, con especial fincapé en colectivos de especial vulnerabilidade: infancia e xuventude, muller, maiores con ou sen discapacidade, e/ou en situación de risco de exclusión, distintas opcións educativas e psicoeducativas en medios naturais, promovendo accións de interacción segura e positiva con animais no medio natural, así como de educación ambiental e coñecemento do medio.

b) Fins pedagóxicos e opcións de lecer saudables na nenos e mozos. Para elo, fomenta, organiza e desenvolve actividades que proporcionen alternativas de ocio saudable con animais no medio natural, dirixida á poboación en xeral e especificamente a colectivos de especial vulnerabilidade.

c) Fins de integración social mediante o deseño, desenvolvemento e implementación de programas e accións educativas e psicoeducativas, formativas, psicoterapéuticas, de integración social e pedagóxicas especificamente deseñadas para colectivos de persoas con discapacidade e/ou en risco u situación de exclusión social con especial atención a colectivos de especial vulnerabilidade como os nenos e nenas vítimas de violencia doméstica e/ou trata ou explotación sexual.

Sétimo.- Que a sinatura deste convenio permite facer posible a inclusión de actividades relacionadas coa interacción cos animais e o seu coidado así como aquelas relacionadas co medio natural nos programas individualizados de execución, co obxectivo de sensibilizar e concienciar aos/ás menores ou mozos/as en relación co respecto e coidado dos animais así como do medio ambiente.

Oitavo.-Que para as partes é un obxectivo prioritario a consecución do benestar das persoas menores e consideran imprescindible a colaboración entre diferentes institucións públicas e privadas para lograr un servizo máis eficaz na atención das persoas menores con problemas de inadaptación social sobre as que recaía unha medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade, en virtude do artigo 7.1.

k) da LORPM, ou a realización de actividades exercitadas en reparación do dano en virtude do artigo 19 da dita lei.

Noveno.-Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos comprendidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura do instrumento convencional que se pretende coa exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, En Santiago de Compostela

María Amparo González Méndez

